

GUÍA DO SOLICITANTE

Cráterios e méritos

para a valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora

Comisión Galega de Informes, Avaliación,
Certificación e Acreditación
CGIACA

CONVOCATORIA 2025

Esta guía foi aprobada pola CGIACA na súa xuntanza do 23 de xaneiro de 2024. Este documento é propiedade do consorcio ACSUG. Non esta permitida a reprodución total ou parcial, nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, sen o permiso previo e por escrito do consorcio ACSUG, o cal non poderá ser considerado responsable de eventuais erros ou omisións na edición do documento.

ESTRUTURA DO COMPLEMENTO

Distínguense dúas modalidades de valoración: a básica e a adicional.

Valoración básica: neste apartado teranse en conta os méritos que a seguir se indican:

- **Docencia:** quinquenios docentes recoñecidos polas universidades públicas. Cada quinquenio valorarase con 0,75 puntos.
- **Investigación:** sexenios de investigación e de transferencia do coñecemento recoñecidos pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora. Cada sexenio valorarase con 1 punto.
- Tendo en conta que a posesión de dous quinquenios de docencia e un sexenio de investigación son requisitos mínimos de presentación, exclúense da regra anterior, sendo valorados conxuntamente en **1 punto**¹.

Valoración adicional: neste apartado teranse en conta os méritos que a seguir se indican:

- **Docencia:** valoraranse os méritos relativos á actividade, formación, innovación e xestión docente, tendo en conta a especificidade de cada campo científico e a docencia impartida, de acordo coa relación de méritos fixados anualmente pola CGIACA. A puntuación máxima que se poderá outorgar neste apartado será de 2,5 tramos. Limitase a seis o número de méritos que poderán presentar os solicitantes para este compoñente.
- **Investigación e transferencia de coñecemento:** valorarase a experiencia investigadora, a mobilidade, a transferencia e a divulgación de coñecemento, tendo en conta a especificidade de cada campo científico e de acordo coa relación de méritos fixados anualmente pola CGIACA. A puntuación máxima que se poderá outorgar neste apartado será de 2.5 tramos. Limitase a seis o número de méritos que poderán presentar os solicitantes para este compoñente, dos cales non poderán presentar máis de catro no apartado de investigación nin máis de catro no de transferencia e de divulgación de coñecemento.

Debe destacarse que cada mérito o constitúe unha soa achega (un curso, unha tese, un proxecto, ...), coa excepción de: amplitude da docencia, valoración da actividade docente, estadías, e participación en proxectos STEMBACH, onde se avaliará a totalidade do mérito comprendido no período avaliado.

Para a valoración dos méritos terase en conta a calidade das achegas. En consecuencia, nin a presentación dos 6 méritos de cada apartado implicará a obtención da puntuación máxima, nin a presentación dun número inferior implicará necesariamente unha avaliación baixa.

A valoración final será o resultado da suma da valoración básica e da valoración adicional.

¹ Un punto equivale a un tramo do complemento.

MÉRITOS ALEGABLES

Son alegables os méritos, de entre os aprobados pola CGIACA, publicados como anexo na correspondente convocatoria, comprendidos no período 2020-2024.

Con carácter excepcional, as persoas solicitantes que durante o devandito período gozasen de permisos de baixa maternal ou paternal, poderán incorporar méritos realizados ao longo dun intervalo temporal idéntico ao de duración da baixa e inmediatamente antes do inicio do período de avaliación da presente convocatoria. Neste caso, será necesario incorporar xustificación do goce do devandito permiso.

Na convocatoria de 2025, os méritos alegables (na avaliación adicional) son os que se recollen nos Anexos deste documento.

VALORACIÓN DOS MÉRITOS NA PARTE ADICIONAL

Debe terse en conta que:

- Non é precisa a presentación do número máximo de méritos (12) para poder ser avaliado (cando non se alegue ningún mérito, a puntuación total será a obtida na valoración básica).
- A valoración realizarase tendo en conta a calidade das achegas e a súa relación coa traxectoria global do profesor ou profesora recollida no seu currículo. Deste xeito, a puntuación final será o resultado de aplicar á puntuación resultante da valoración dos concretos méritos achegados, un factor de corrección en atención á traxectoria curricular. Este factor de corrección poderá aplicarse tanto á alza coma á baixa, e non poderá exceder do 20% da puntuación máxima (ata 20 puntos en docencia e 20 en investigación).
- As puntuacións máximas que se poden acadar en cada mérito son as que figuran nos Anexos deste documento.
- Tendo como base o Estatuto de Autonomía de Galicia, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e os Estatutos das Universidades, e considerando o interese que para o Sistema Universitario de Galicia ten a realización das actividades encamiñadas á potenciación do uso do galego nos distintos campos, incorpóranse apartados específicos que permiten valorar estas actividades. Para estes efectos, cando algún dos seis méritos achegados se inclúa nesta categoría, a valoración destes méritos efectuarase cos mesmos indicios de calidade intrínseca do mérito e a mesma puntuación, non polo feito exclusivo da utilización da lingua galega.

COMITÉS DE ASESORES EXTERNOS

A Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), será o órgano encargado de emitir a valoración do complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora. Para a realización desta función, e con carácter previo á emisión da valoración, contará con comités de asesores expertos.

Haberá 5 comités (Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias Experimentais, Ciencias da Saúde, Ensinanzas Técnicas e Humanidades) que se farán coincidir cos 5 grandes campos científicos nos cales se recollen todas as áreas de coñecemento. Non obstante, atendendo ao número de solicitudes que puideren presentarse con relación ás distintas áreas de coñecemento, poderán subdividirse os campos científicos.

Para formar parte dos comités, son requisitos imprescindibles: ser titular ou catedrático de universidade, ter consolidados, como mínimo, tres compoñentes por méritos docentes (quinquenios de docencia) e tres tramos de complemento de produtividade (sexenios de investigación) e non pertencer ao sistema universitario de Galicia (este último requisito non se aplica á presidencia dos Comités).

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS

As persoas solicitantes deberán cubrir e presentar telematicamente a seguinte documentación:

1. Modelo normalizado de instancia (Anexo III): a solicitude debe cubrirse na aplicación informática da ACSUG (<http://www.acsug.es/convocatorias-abertas>) e xerar o correspondente PDF que logo deberá presentarse na sede electrónica da Xunta de Galicia, CÓDIGO DO PROCEDIMENTO: ED701A (<https://sede.xunta.gal>). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e a clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

IMPORTANTE: cubrir a solicitude unicamente na aplicación de ACSUG non é válida aos efectos da presentación da mesma.

2. A documentación acreditativa dos méritos curriculares presentarse en formato dixital (a través da aplicación informática del consorcio ACSUG). As certificacións relativas aos quinquenios e sexenios, só se achegarán en caso de que o solicitante denegue ao consorcio ACSUG a súa consulta. No caso de denegar expresamente a autorización á ACSUG para a consulta dos seus datos no sistema de verificación de datos de identidade, de conformidade co disposto no Decreto 255/2008, de 23 de outubro (DOG núm. de 13.11.2008) o solicitante deberá xuntar o documento acreditativo da identidade do solicitante (DNI ou equivalente) en formato dixital.

IMPORTANTE: En ningún caso ACSUG requirirá a presentación da relación de méritos (dado que non é un requisito preceptivo, ao ser posible a solicitude referida exclusivamente á valoración básica) nin a acreditación e xustificación dos méritos presentados. A debida xustificación dos méritos é unha obriga exclusiva do solicitante e a súa omisión afectará á resolución de fondo, mais non á admisión a trámite da solicitude.

3. Currículo vitae completo en formato dixital.

4. Documentación acreditativa dos méritos alegados e, no seu caso, do desfrute de permiso por baixa maternal ou paternal no período 2020-2024.

5. Outros documentos que a persona solicitante considere relevantes. Deberán xuntarse telematicamente, ben a través da aplicación de ACSUG, ben a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios na sede electrónica, poderanse dirixir ao **teléfono de información 012** ou ao **correo electrónico 012@xunta.gal**.

XUSTIFICACIÓN DE MÉRITOS

A) Méritos para a valoración básica

Será necesario acreditar, antes do remate do prazo establecido para a presentación das solicitudes:

- Ter (polo menos) un ano de servizo na súa praza, cumprido a 31 de decembro de 2024.
- Ter concedidos e recoñecidos, polo menos dous quinquenios de docencia pola Universidade, en data igual ou anterior ao 31 de decembro de 2024.
- Ter concedido e recoñecido, polo menos un sexenio de investigación ou de transferencia de coñecemento, pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNAAI), con data igual ou anterior ao 31 de decembro de 2024.

Os interesados poderán solicitar unha nova avaliación transcorridos un mínimo de tres convocatorias dende a obtención da última avaliación positiva, sempre e cando nese período se obtivese un novo tramo docente ou de investigación. Neste caso os méritos a valorar estarán comprendidos igualmente no período establecido na convocatoria vixente. Esta nova avaliación substituirá, a tódolos efectos, á anteriormente acadada.

Non será preciso presentar xustificación dos quinquenios e sexenios, xa que o consorcio ACSUG solicitará directamente ás Universidades a súa certificación (agás no caso de denegación expresa desta autorización por parte dos solicitantes).

B) Méritos para a valoración adicional

Como xa se indicou, a acreditación dos méritos alegados polos solicitantes, correspondentes á valoración adicional, así como a achega dos xustificantes que acrediten os indicios de calidade daqueles, será responsabilidade do solicitante. A tal efecto presentarase copia simple dixitalizada dos documentos. O momento de presentación de dita documentación será xunto coa solicitude e/ou dentro do prazo aberto para a presentación das instancias. Finalizado este prazo, as avaliacións realizaranse de acordo coa documentación achegada ata ese momento.

IMPORTANTE: Cada mérito alegado estará constituído por unha soa aportación (un curso, unha dirección de tese, un proxecto,...), agás no caso dos méritos relativos a amplitude, intensidade e tipo de docencia, enquisas proxectos STEMBACH e estadias, onde o mérito estará constituído pola totalidade da docencia impartida, das enquisas de alumnos ou das estancias comprendidas no período estipulado na convocatoria. No resto dos casos, cando se incorporen máis dun mérito nun mesmo ítem (dúas teses doutorais, dous cursos, etc.) *valorarase o que figure en primeiro lugar.*

Todos os méritos alegados deberán estar debidamente xustificadas, tal e como se indica nos apartados correspondentes, para seren valorados. Sen prexuízo do cal, o consorcio ACSUG poderá comprobar os datos alegados, así como aqueles datos académicos e de investigación relevantes para a avaliación, solicitando información para tal efecto ás distintas institucións implicadas. Do mesmo xeito, o consorcio ACSUG poderá requirir dos solicitantes as aclaracións e concrecións que considere oportunas en relación aos méritos alegados.

MÉRITOS DA ACTIVIDADE DOCENTE (máximo 6)

1. Amplitude, intensidade, tipo e resultados na docencia no período de cinco anos avaliados (Docencia en diplomatura, licenciatura, grao, posgrao, doutoramento ou equivalentes: máx. 10; Tipo de docencia: teórica, práctica, dirección de TFG e outras actividades docentes EEES recollidas en POD: máx. 15; diversidade de materias e outras actividades docentes (como por exemplo dirección de TFM, etc.): máx. 10.

Méritos incluídos: Teranse en conta neste apartado as materias impartidas, segundo o tipo das mesmas e o número total de créditos (teóricos e prácticos) así como as taxas de éxito e rendemento acadadas, en relación cos valores do curso e os valores obxectivos da titulación. Período a ter en conta, cursos **2019/2020; 2020/2021, 2021/2022, 2022/2023 e 2023/2024.**

Quedan excluídos deste apartado a titorización de prácticas externas (recollidas no apartado 5.1).

Xustificación: Certificación expedida pola Secretaría Xeral ou vicerreitoría responsable do POD. A xustificación das taxas de éxito e rendemento non precisan de certificación oficial da universidade. Cada solicitante alegará estas taxas na súa solicitude e será a ACSUG a que verificará este dato coas respectivas universidades.

Indicios de calidade: Primarase o feito de atender tanto á licenciatura ou grao como aos posgraos oficiais (terceiro ciclo/máster), así como a diversidade dos contidos e a actualización permanente da programación e a coherencia dos resultados.

2. Creación de materiais docentes para a docencia universitaria: manuais, unidades didácticas, libros, capítulos de libros, artigos relacionados directamente coa docencia, traducións, software e outro material para a docencia.

Méritos incluídos: Teranse en conta neste apartado os libros de texto, manuais universitarios e os materiais elaborados especificamente para a docencia universitaria, diferenciándose claramente dos materiais correspondentes á investigación e divulgación científica, que non se terán en conta neste apartado.

Xustificación: A acreditación da posesión dos devanditos méritos realizarase mediante a achega documental que se sinala:

- **Libros, capítulos, artigos, traducións:** copia da portada e título, autores, créditos do libro (editorial, ISBN, depósito legal,...) e índice. No caso dos capítulos, engadirase unha copia da primeira páxina do capítulo. No caso das traducións copia da folla en que figure o responsable da tradución.
- **Separatas, artigos:** copia da primeira e última páxina do artigo, así como copias do índice do número ou volume e da folla onde figure o comité de redacción e o ISSN da revista.
- **Software:** impresión do índice e créditos do material electrónico.

Indicios de calidade: Terase en conta para a valoración dos materiais docentes que se convertesen en obras de referencia para os estudos de grao e posgrao, a editorial que os publica, a existencia dun proceso de selección rigoroso por parte da entidade editora, a opinión que merecen en recensións e citas autorizadas e, con carácter adicional, os datos relativos á súa difusión a través da presenza en repertorios bibliográficos especializados ou catálogos de bibliotecas universitarias. Indicarase expresamente a actividade docente a que está dirixida e na que se utiliza o material salientado.

3. Implicación na mellora da actividade docente universitaria (sempre que o seu desempeño non sexa consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico)

- a) Coordinación de curso.
- b) Coordinación de grado ou equivalente.
- c) Coordinación de máster ou equivalente.
- d) Coordinación de programas de doutoramento.
- e) Plan de acción tutorial.
- f) Responsable de Calidade de Centro (PRCC).

Méritos incluídos: A coordinación da docencia que poderá incluírse neste apartado, refírese a: docencia de 1º e 2º ciclo, coordinación de programas de doutoramento e/ou Programas Oficiais de Posgrao. A coordinación de curso refírese á coordinación das distintas materias dun curso académico dunha titulación oficial e por acordo da Xunta de Facultade, de Centro ou, polo menos, do equipo directivo.

A coordinación doutras actividades docentes como son títulos propios, másters ou posgraos non oficiais terán necesariamente menor valoración.

Xustificación: Certificación do órgano correspondente en que figuren as funcións desempeñadas, alcance da coordinación, curso académico en que efectuou esta e que o seu desempeño non é consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico. É preciso achegar certificación oficial.

Indicios de calidade: Terase en conta, como indicadores para a valoración da actividade realizada polo solicitante, o nivel a que se realiza a coordinación e o número de materias e grupos que están afectados pola coordinación así como un informe do traballo realizado. No caso dos programas de doutoramento teranse en conta os programas interuniversitarios ou con mención de calidade, así como o número de doutores ou DEA que se obtiveron nos devanditos programas. En canto ao Plan de acción tutorial e PRCC terase en conta un auto informe das actividades realizadas.

4. Participación en actividades de formación:

4.1. Actividades de formación docente.

- a) Dirección de un curso de formación docente de, alomenos, 20 horas.
- b) Impartición de un curso de formación docente de, alomenos, 4 horas.
- c) Asistencia a un curso de formación docente de, alomenos, 8 horas

4.2. Actividades de formación investigadora.

- a) Teses doutorais dirixidas e defendidas.
- b) Impartición de cursos de formación de investigadores

Méritos incluídos: As actividades de formación que se avalían neste apartado correspóndense a cursos específicos de formación e innovación docente e á formación de novos investigadores. Terase en conta a especificidade da área a que pertence o solicitante.

Non se incluírá o diploma en docencia universitaria de 100 horas. Poderase incluír cada curso ou actividades individual (un curso – un mérito) realizada e organizada polos centros específicos de cada universidade (CUFIE, ICE, etc..), cos datos correspondentes a título, horas e datas específicas.

No apartado 4.2.b avalíanse a impartición de seminarios e xornadas específicas de formación de novos investigadores. Non se terá en conta a participación en cursos e seminarios de máster, posgraos e programas de doutoramento ou de terceiro ciclo. Tampouco se terán en conta seminarios e cursos de divulgación científica, que se valoran noutros apartados.

Con respecto ás teses doutorais dirixidas, cada unha constitúe un mérito. Valoraranse neste apartado as teses dirixidas, cuxa defensa pública se efectuara no período avaliado. Exclúense, polo tanto, as teses en realización ou pendentes de lectura. No caso de incluír as teses neste apartado, non poderán incluírse no respectivo apartado dos méritos de investigación.

Xustificación:

4.1. a) Copia do programa oficial do curso en que conste a dirección e organismo organizador deste e o número total de horas impartidas no curso.

4.1. b) Copia do diploma da universidade ou, cando non sexa unha universidade do S.U.G., certificado do organismo responsable da organización do curso en que figuren as horas docentes impartidas polo/a profesor/a.

4.1. c) Copia do diploma de asistencia en que conste o número de horas.

4.2 a) Documento en que se inclúa o título, índice, director/a da tese, mención de doutoramento europeo (no seu caso), data da lectura e cualificación. No caso de se tratar de teses dirixidas nunha universidade non pertencente ao S.U.G, debe achegarse, ademais, certificado oficial da devandita universidade en que conste o doutoramento e o director/a da tese.

4.2. b) Copia do programa oficial no que conste o organismo organizador deste e o número total de horas impartidas polo solicitante.

Indicios de calidade: Terase en conta para a valoración das actividades de formación o tipo de curso, a súa duración, a relación coa actividade desempeñada e o seu reflexo efectivo na mellora da actividade docente. Terase en conta para a valoración das actividades desenvolvidas no seminario ou xornada de formación o tipo de curso, a súa duración, a relación coa actividade desempeñada pola persoa solicitante, as horas impartidas e o seu reflexo na mellora da formación. Para a valoración das teses, terase en conta a cualificación, dirección ou codirección, doutoramento europeo/ internacional, incluída en programas de doutoramento con mención de calidade, programas de doutoramento interuniversitarios, etc..

5. Actividades de Prácticas Externas e Mobilidade:

5.1- Coordinación e Titorización de programas de prácticas en empresas e institucións (regulados mediante convenios ou certificación de órgano colexiado académico).

Méritos incluídos: Inclúese neste apartado a realización de actividades de coordinación de programas e a titorización do alumnado que participa en prácticas externas, sempre e cando o seu desempeño non sexa consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico. Quedan excluídos deste apartado as prácticas que formen parte doutra materia do título.

Xustificación: Copia do convenio ou certificación do órgano colexiado académico; copia do nomeamento oficial, no seu caso; Certificado do centro en que conste que o seu desempeño non é consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico.

Indicios de calidade: Terase en conta para a valoración destas actividades a súa relación e interese para a titulación, a existencia dun programa estable de prácticas e o número de alumnado titorizado.

5.2. - Coordinación e titorización de proxectos de intercambio de estudantes: ERASMUS, ERASMUS MUNDUS, etc..

Méritos incluídos: Inclúese neste apartado a realización de actividades de coordinación de programas e a titorización do alumnado que participa en programas de mobilidade de alumnos/as, sempre e cando o seu desempeño non sexa consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico.

Xustificación: Copia do nomeamento oficial, no seu caso, e certificado do centro en que conste que o desempeño non é consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico.

Indicios de calidade: Terase en conta o programa de mobilidade, a actividade desempeñada, o número de institucións implicadas e o número de alumnado titorizado.

5.3. - Participación dos docentes en programas de intercambio internacionais e/ou interuniversitarios.

Méritos incluídos: Só se inclúe neste apartado a participación en programas de mobilidade docente. Non se considerarán as estadias para investigación aínda que se realicen en institucións docentes e sempre e cando o seu desempeño non sexa consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico.

Xustificación: Copia da carta ou certificado do centro receptor en que se constate a estadia, período temporal e actividades desenvolvidas.

Indicios de calidade: Para a súa valoración terase en conta a institución responsable do programa de mobilidade, a duración e as actividades docentes desenvolvidas.

6. Participación en actividades de innovación docente:

6.1- Proxectos competitivos de innovación docente.

Méritos incluídos: Consideraranse os proxectos de convocatorias públicas específicas para innovación docente e que non correspondan a convocatorias xerais de áreas relacionadas coa educación, pedagogía e demais áreas específicas da persoa solicitante.

Consideraranse só aqueles proxectos que finalizasen dentro período de avaliación da presente convocatoria e, a efectos da valoración dos mesmos, consideraranse todo o período de desenvolvemento (aínda que parte deste período sexa anterior ao 2020).

Xustificación: Copia do documento oficial de concesión ou contrato en que conste, polo menos: participantes, ámbito, institución que o concede, asignación económica, data de concesión e período de desenvolvemento.

6.2. - Participación en Comités de autoavaliación, Comités externos de avaliación, Comisións de Normalización Lingüística, Comisións de avaliación do profesorado, Grupos de innovación docente, etc.. de relevancia docente (sempre que o seu desempeño no sexa consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico).

Méritos incluídos: Inclúense neste apartado a participación en comités de autoavaliación de titulacións, comisións de calidade de titulacións, comisións de normalización lingüística, comités externos de avaliación, comités de avaliación de distintas axencias de avaliación, comités de acreditación de profesorado en distintas axencias, comités asesores de axencias etc.. Poderanse considerar, aínda que a menor nivel, a participación en comisións académicas de facultades, comisións de doutoramento etc., sempre que esa participación non fora consecuencia do desempeño dun determinado cargo. En ningún caso se considerará a participación en órganos de representación como Xuntas de Facultade, Xuntas de Goberno, Claustro etc.. Non se incluírá a participación en tribunais de selección de profesorado de habilitación ou similares.

Xustificación: No caso de participación en comités externos ás universidades, certificado ou documento oficial de participación activa emitido pola institución responsable (axencia de calidade ou outra institución responsable da avaliación, comisión...). Nas comisións dependentes das reitorías, documento xustificativo da participación. Nas comisións de centro, certificado deste en

que conste a participación así como que o seu desempeño non é consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico.

Indicios de calidade: En todas as actividades de innovación docente terase en conta a institución responsable da actividade, o nivel, función e tipo de participación do solicitante, o tempo de desempeño da función e a relevancia das actividades desempeñadas na mellora e innovación da docencia e a súa importancia para a institución da persoa solicitante.

6.3.- Participación en Proxectos STEM BACH.

Méritos incluídos: Avaliarase toda a amplitude e tipo de participación que tivese o profesorado durante o período obxecto de avaliación que se estableza en cada convocatoria, de xeito que tal participación no seu conxunto constituirá un só ítem. Como tipo de participación en Proxectos STEM BACH considérase: a coordinación do programa, titorización dos proxectos, ser membro do tribunal de avaliación; outro tipo de participación que, no seu caso, poida ser xustificada polo profesorado.

Xustificación: Deberá achegarse certificado da autoridade universitaria competente en que figure o tipo de participación cos seguintes datos:

- a) Coordinación do programa: debe constar o período temporal en que se exerceu o cargo.
- b) Titorización de proxectos: para cada proxecto presentado, debe constar o nome do titor ou titoras, o curso académico en que se defendeu e o número de alumnos titorizados.
- c) Membros de tribunais de avaliación: para cada participación en tribunal, debe constar o curso académico en que actuou e o número de proxectos avaliados.
- d) Outro tipo de participación: debe detallarse o tipo de participación levado a cabo no marco dos proxectos STEM BACH.

Indicios de calidade:

- No caso do coordinador do programa terase en conta o tempo durante o cal se exerceu a coordinación do programa (dous puntos por ano de coordinación).
- No caso dos titores de proxectos terase en conta o número de proxectos dirixidos e de alumnos titorizados, así como o número de titores por proxecto. Os proxectos nos que participan un único titor e un único alumno serán avaliados con dous puntos. Nos proxectos en grupo, esta puntuación verase incrementada en 0,25 puntos por alumno. No caso de que exista cotitorización, a puntuación reducirase proporcionalmente en función do número de titores. Só se terán en conta os proxectos titorizados que fosen defendidos ante o correspondente tribunal de avaliación.
- No caso dos membros do tribunal de avaliación terase en conta o número de proxectos avaliados a razón de 0,25 puntos por proxecto avaliado. Neste caso, a puntuación total nunca poderá ser superior a 5 puntos.
- Poderá valorarse 'outro tipo de participación' cando esta sexa debidamente xustificada polo solicitante e se considere relevante por parte do comité avaliador.

7. Outras actividades relacionadas coa docencia:

7.1. - Premios e distincións relacionados coa actividade docente.

Méritos incluídos: Consideraranse premios e distincións relacionados coas actividades docentes.

Xustificación: Copia da concesión do premio e documento en que conste a descrición do organismo que concede o premio: tipo de organismo, ámbito de actuación, composición do comité de dirección e de concesión do premio etc..

Indicios de calidade: Terase en conta a relación do premio coas actividades docentes desempeñadas polo solicitante, a relevancia da institución que concede o premio, o sistema de selección dos premiados, a composición internacional ou nacional do xurado de selección.

7.2. – Participación en actividades docentes por invitación.

Méritos incluídos: Inclúiranse neste apartado a participación, por exemplo, como profesor/a visitante en labores docentes noutras institucións ou actividades similares. Sempre será preciso demostrar: o convite, a súa realización en institucións de educación superior e para actividades docentes.

A realización de estadias docentes noutras institucións diferentes ás do solicitante deberá valorarse en programas de mobilidade e coa puntuación correspondente.

Xustificación: Copia da carta de convite, actividades a desempeñar e organismo que realiza o convite e o xustificante de participación.

Indicios de calidade: Para a súa valoración terase en conta a institución que realiza o convite, e o tipo e duración da actividade docente desenvolvida.

7.3. - Redes docentes.

Xustificación: Copia do documento oficial de concesión ou contrato en que conste, polo menos: participantes, ámbito, actividades a desenvolver, institución que o concede, asignación económica, data de concesión e período de desenvolvemento.

Indicios de calidade: Para a súa valoración terase en conta a institución que financia a rede, número de institucións implicadas, función (coordinador, participante etc..) do/a solicitante na rede e actividades desempeñadas.

7.4. - Actividades de divulgación docente.

Méritos incluídos: Inclúiranse actividades que tratan de divulgar as actividades docentes e/ou a oferta formativa das institucións de educación superior do SUG á sociedade. Inclúiranse xornadas, conferencias, exposicións etc.. de divulgación da actividade docente.

Xustificación: Copia do programa en que figuren os obxectivos, entidade organizadora, duración, participación e función da persoa solicitante.

Indicios de calidade: Terase en conta o impacto da actividade divulgativa, os destinatarios, e a duración e relevancia da actividade da persoa solicitante

7.5.- Outras actividades.

Méritos incluídos: Inclúiranse as actividades que non se poden encadrar noutras epígrafes.

Xustificación: Copia do documento oficial en que conste, polo menos: tipo de actividade, participantes, ámbito, actividades a desenvolver e institución en que se realiza.

Indicios de calidade: Para a súa valoración terase en conta a importancia da actividade para a mellora da actividade docente. Cando neste apartado se inclúiren méritos similares aos incluídos nalgúns dos apartados anteriores e non directamente relacionados coa actividade docente, terán necesariamente unha redución na súa valoración.

8. Actividades que fomenten o uso do galego na docencia universitaria.

Méritos incluídos: Consideraranse neste apartado os méritos e actividades que se realizan e que fomentan a utilización do galego na docencia. Poderanse incluír calquera dos méritos anteriores sempre que se efectuaren en lingua galega ou tiveren como finalidade a potenciación dos seus usos na docencia. Inclúense entre outros méritos a elaboración de materiais para a docencia en lingua galega, a elaboración de traballos terminolóxicos en que figure a lingua galega, a dirección e participación en cursos non regulados en lingua galega, asistencia a cursos de formación para a aplicación da lingua galega no ámbito universitario etc. Excluíranse destas valoracións as achegas na área de Filoloxía Galega que forman parte do normal desenvolvemento da actividade docente e investigadora desta área.

Xustificación: Xustificaranse de igual xeito que os méritos similares incluídos nos apartados anteriores.

Indicios de calidade: Utilizaranse os mesmos indicios de calidade que nos apartados similares anteriores. Valorarase a calidade intrínseca do mérito.

9. Valoración da actividade docente universitaria

9.1.- Opinión dos estudantes respecto á docencia impartida polo profesorado.

Méritos incluídos: Teranse en conta neste apartado os valores obtidos nos procesos de avaliación da satisfacción dos alumnos da docencia obtida. Utilizarán para iso, **os valores obtidos nos ítems das enquisas que supoñen valoracións globais da actividade do profesorado** (a media global do profesor con respecto da media da Universidade e a media da titulación).

Xustificación: Neste caso, TODAS as avaliacións realizadas correspondentes aos cursos **2019/2020; 2020/2021, 2021/2022, 2022/2023 e 2023/2024** constituirán un só ítem. Deberá aportarse certificado da Universidade na que se faga constar a media global do profesor, a media da Universidade e a media da titulación, da totalidade das enquisas realizadas por cada unha das materias impartidas no período obxecto da convocatoria (a efectos da xustificación servirá o obtido a través da secretaría virtual da Universidade correspondente). No caso de non dispor de enquisas correspondentes a algún dos cursos do período avaliado, deberá aportarse certificado da Universidade no que se xustifique esa circunstancia.

Indicios de calidade: Teranse en conta, no momento de modular os resultados, a valoración do solicitante con respecto á media da Universidade e da titulación, o número de enquisas realizadas. En todo caso, a puntuación máxima só poderá acadarse cando en todos os cursos e materias avaliadas a media do solicitante sexa superior á da Universidade e a titulación.

9.2.- Valoración obtida no Programa DOCENTIA

Méritos incluídos: Inclúese neste apartado as valoracións do Programa DOCENTIA obtidas nunha convocatoria solicitada nos anos 2020, 2021, 2022, 2023 ou 2024.

Xustificación: Xustificarse mediante certificado emitido polo vicerreitorado con competencias neste tema. A persoa candidata deberá xustificar tamén a convocatoria de Docentia na que se presentou.

Indicios de calidade: Modularanse os resultados outorgando a máxima puntuación establecida no baremo, en función da cualificación obtida na avaliación: excelente, notable e aceptable.

MÉRITOS DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO (máximo 6 méritos, dos cales non poderán presentarse máis de 4 no apartado de investigación nin máis de 4 no de transferencia e de divulgación de coñecemento)

1. Actividade investigadora (máximo 4 méritos).

1.1. - Teses doutorais dirixidas e defendidas

Méritos incluídos: Cada tese doutoral dirixida constitúe un mérito. Valoraranse neste apartado as teses dirixidas, a defensa pública das cales se teña efectuado no período avaliado. Exclúense, por tanto, as teses en realización ou pendentes de lectura. **O solicitante poderá decidir incluílas no apartado de docencia ou no de investigación, pero en ningún caso poderán ser alegadas en ambos apartados polo mesmo solicitante, aínda que se traten de teses diferentes.**

Xustificación: Documento no que se inclúa o título, índice, director/a da tese, mención de doutoramento europeo / internacional (no seu caso), data da lectura e cualificación. No caso de se tratar de teses dirixidas nunha universidade non pertencente ao SUG, debe achegarse, ademais, certificado oficial da devandita universidade en que conste o doutoramento e o director/a da tese.

Indicios de calidade: Terase en conta a cualificación, dirección ou codirección, doutoramento europeo, incluída en programas de doutoramento con mención de calidade, programas de doutoramento interuniversitarios, etc.

1.2. - Proxectos / Convenios-Contratos con empresas-institucións.

- a) Dirección/Participación en proxectos competitivos de ámbito internacional.
- b) Dirección/Participación en proxectos competitivos do Plan nacional.
- c) Dirección/Coordinación/ Participación en Redes de excelencia do Plan Nacional
- d) Dirección/Participación en proxectos competitivos autonómicos
- e) Axudas á consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG
- f) Coordinador partner internacional
- g) Convenios ou contratos con empresas o institucións.

Méritos incluídos: Terase en conta a participación nas diferentes convocatorias públicas competitivas: proxectos, redes, unidades de investigación,... Dentro dos Convenios consideraranse os asinados con institucións para o desenvolvemento de proxectos de investigación que non teñen como finalidade a transferencia tecnolóxica (pois neste último suposto deberán incluírse no apartado correspondente á transferencia e divulgación do coñecemento).

Con respecto aos proxectos de investigación e convenios-contratos consideraranse todos aqueles que finalizasen no período de avaliación da presente convocatoria e, a efectos da valoración dos mesmos, avaliarase todo o seu período de desenvolvemento (aínda que parte deste período sexa anterior ao 2020).

Xustificación: Preferentemente, copia de certificado oficial expedido pola universidade cos datos dos proxectos presentados a avaliación. Copia do documento oficial de concesión, sinatura do convenio, en que conste, polo menos: investigador/a responsable, participantes, ámbito, institución que o concede, asignación económica, data de concesión, período de vixencia, ...

Indicios de calidade: Teranse en conta as distintas funcións: coordinador, líder, “partner”, asociado, participante etc.. Os incentivos para a elaboración de propostas de proxectos europeos e o complemento de proxectos nacionais e europeos non se considerarán en ningún caso.

1.3.-Participación en congresos, simposios ou equivalentes.

- a) Impartición de conferencias plenarias ou ponencias por invitación en congresos, simposios ou equivalentes
- b) Outras intervencións relevantes.

Méritos incluídos: Avaliaranse unicamente as conferencias plenarias ou ponencias de congresos ou simposios organizados por sociedades científicas, sempre por invitación. Non se considerará de ningunha maneira, a participación en congresos, xornadas, etc., locais, rexionais ou que se desenvolvan no mesmo lugar e/ou pola institución á que pertence a persoa solicitante.

Xustificación: Copia da carta de invitación e/ou copia do programa do congreso no que conste: institución responsable da organización, comité organizador, lugar, data da celebración, título e relator da conferencia.

Indicios de calidade: Terase en conta a institución que organiza o congreso, a composición do seu comité organizador, o tipo de conferencia plenaria: inaugural, clausura, etc., relevancia no congreso da mesa redonda ou do simposio, etc..

1.4. -Organización da investigación:

- a) Responsable da organización de eventos científicos e culturais de relevancia internacional (o comité organizador será unha institución internacional ou de composición internacional).

Méritos incluídos: Unicamente se terá en conta a participación en comités organizadores ou comités científicos de congresos organizados por sociedades científicas internacionais ou que entre os seus membros se acharen científicos ou profesionais internacional

Xustificación: Copia do nomeamento oficial da Presidencia e/ou copia do programa oficial do evento en que conste: institución responsable da organización, comité organizador, lugar, data da celebración.

Indicios de calidade: Terase en conta a institución que organiza o congreso, a composición do seu comité organizador, o tipo de participación e funcións desempeñadas polo/a solicitante.

- b) Director, editor ou membro de comités de edición, ou de redacción de revistas ou editoriais de ámbito internacional.

Méritos incluídos: Considerarase unha revista de ámbito internacional a que figure en índices de bases de datos internacionais (ISI, SCOPUS ou similares). No caso contrario terase en conta unicamente cando no comité de redacción participaren representantes de polo menos tres países.

Xustificación: Documento oficial da editorial en que consten expresamente os períodos en que participou como editor ou membro do comité. Non se incluírá neste apartado a participación como avaliador/a dos artigos publicados polas revistas.

Indicios de calidade: Deberán presentarse evidencias da presenza en bases de datos internacionais, índices, factores de impacto etc.. Teranse en conta os indicadores de impacto da revista, bases de datos en que se atopar indexada, composición do comité de redacción, editorial, función do/a solicitante no comité.

c) Organización/Dirección de expedicións científicas, escavacións arqueolóxicas relevantes, etc..

Méritos incluídos: Consideraranse a organización de expedicións científicas e escavacións arqueolóxicas realizadas necesariamente coa participación e financiamento de institucións ou empresas.

Xustificación: Copia do certificado oficial da institución responsable da expedición; permiso oficial da actividade arqueolóxica, contrato de colaboración etc.

Indicios de calidade: Teranse en conta as funcións desempeñadas e a relevancia da actividade, institucións participantes e a súa relación co labor investigador do/a solicitante.

d) Premios e distincións relevantes relacionados coa actividade investigadora.

Xustificación: Copia da concesión do premio e documento que conteña a descrición do organismo que concede o premio en que figure: tipo de organismo, ámbito de actuación, composición do comité de dirección e de concesión do premio, actividades que resultan premiadas.

Indicios de calidade: Terase en conta a relación do premio coas actividades investigadoras desempeñadas polo solicitante, a relevancia da institución que concede o premio, o sistema de selección dos premiados, a composición internacional ou nacional do xurado de selección. Distincións académicas ou profesionais poderán terse en conta no apartado e).

e) Outros méritos de investigación.

Méritos incluídos: Inclúiranse as actividades de investigación que non se puideren encadrar noutras epígrafes.

Xustificación: Copia do documento oficial en que conste, polo menos: tipo de actividade, participantes, actividades a desenvolver e institucións en que se realiza.

Indicios de calidade: Para a súa valoración terase en conta a importancia da actividade relacionada coa actividade científica do/a solicitante. Cando neste apartado se inclúen méritos similares aos incluídos nalgúns dos apartados anteriores e non directamente relacionados coa actividade investigadora, terán necesariamente unha valoración inferior á do apartado de mérito similar.

1.5.- Mobilidade: estadías de investigación en centros de prestixio alleos ao SUG (mínimo 1 mes).

Méritos incluídos: Valoraranse as estadías de investigación **que tivesen unha duración mínima de 1 mes** en centros **extranxeiros** de prestixio alleos ao SUG. Neste apartado poderá presentarse a suma da totalidade das estadías do período a avaliar, suma que se computará como un só mérito.

Xustificación: Copia da carta ou certificado do centro receptor en que se constate a estadía, período temporal e actividades desenvolvidas.

Indicios de calidade: Interese do traballo realizado en relación tanto coa especialización preferente do centro receptor como coa actividade desenvolvida polo solicitante. Resultados derivados directamente da estadía.

1.6. - Actividades que fomentan o uso do galego na investigación.

Méritos incluídos: Consideraranse neste apartado os méritos e actividades que se realizan e que fomentan a utilización do galego na investigación. Poderanse incluír méritos de calquera dos tipos anteriores sempre que se efectúen en lingua galega ou teñan como finalidade a potenciación do

seu uso. Teranse en conta: a organización de eventos científicos en lingua galega, a realización de teses doutorais e outros traballos de investigación en galego etc.. Excluiranse destas valoracións as achegas na área de Filoloxía Galega que forman parte do normal desenvolvemento da actividade investigadora deste área.

Xustificación: Xustificaranse de igual xeito que os méritos similares incluídos nos apartados anteriores.

Indicios de calidade: Utilizaranse os mesmos indicios de calidade que nos apartados similares anteriores. Valorarase a calidade intrínseca do mérito.

2. Actividade de transferencia e divulgación de coñecemento (máximo 4 méritos).

2.1. – Transferencias tecnolóxicas.

Méritos incluídos: Consideraranse neste apartado os contratos, convenios e encargos con empresas que supoñan unha transferencia de tecnoloxía desenvolvida previamente polo/a solicitante ou o seu equipo. Tamén se considerarán neste apartado² os contratos coa Administración que supoñen transferencia de coñecementos derivados da investigación e os contratos con editoriais para a dirección científica de coleccións ou outros traballos editoriais que necesitaren o concurso de expertos.

Xustificación: Copia dos documentos que acrediten a transferencia de tecnoloxía, indicando a empresa á que se lle efectúa a transferencia e descrición da tecnoloxía transferida. Copia dos contratos asinados coa Administración ou as editoriais. Non se considerará neste apartado a mera prestación de servizos.

Indicios de calidade: Terase en conta a importancia da transferencia realizada, a relación coa empresa, a participación da empresa e as funcións e actividade do/a solicitante.

2.2. - Patentes recoñecidas

Méritos incluídos: Poderan terse en conta as patentes que se atopan licenciadas ou en fase de explotación.

Xustificación: Copia do documento acreditativo.

Indicios de calidade Poderanse ter en conta o ámbito do rexistro, países nos que estea recoñecida, o posible interese de empresas, a fase en que se achar a súa execución etc..

2.3. – Comisario ou Organizador de exposicións de relevancia estatal ou internacional.

Méritos incluídos: Terase en conta a realización de exposicións que pola súa temática e difusión teñan repercusión nacional ou internacional.

Xustificación: Certificado oficial da institución, copia do catálogo en que figure o nome do comisario, o organismo organizador e participantes.

Indicios de calidade: Valorarase a temática, importancia e ámbito de influencia da exposición, así como as institucións organizadoras e/ou participantes. Achegaranse evidencias que permitan considerar a exposición como de ámbito nacional ou internacional

²Recollido de "Criterios para valorar a investigación en Humanidades", elaborado por un grupo de traballo coordinado pola FECYT e a ANEP.

2.4. - Informes relevantes.

Méritos incluídos: Valorarase a realización de informes para empresas ou institucións en aspectos relevantes dos campos científicos ou socioeconómicos.

Xustificación: Documento oficial da institución ou empresa solicitante do informe. Copia do índice e as conclusións, se as tiver.

Indicios de calidade: Terase en conta a importancia do informe realizado, a empresa ou institución solicitante, as funcións e actividade do solicitante.

2.5. - Estudos relevantes para o desenvolvemento social, económico, científico e cultural de Galicia.

Xustificación: Documento oficial da universidade ou organismo. Copia do índice e as conclusións, se as tiver. Acreditación das implicacións para o desenvolvemento de Galicia.

Indicios de calidade: Terase en conta a importancia do estudo e a repercusión no desenvolvemento de Galicia, así como as funcións e actividade do solicitante. Deberanse achegar indicios que acrediten a relevancia e importancia do estudo.

2.6. - Creación de empresas de base tecnolóxica que supoñan transferencia de tecnoloxía.

Méritos incluídos: Terase en conta tanto a creación da empresa como o desenvolvemento de actividade probada de ditas empresas, dentro do período suxeito a avaliación.

Xustificación: Copia do documento oficial en que consten: socios fundadores, constitución da empresa, obxectivos e ámbito de desenvolvemento.

Indicios de calidade: Valorarase o nivel de desenvolvemento da empresa e o nivel de implicación do/a solicitante tanto na constitución como no desenvolvemento tecnolóxico que deu lugar á súa creación.

2.7. - Divulgación do coñecemento.

Méritos incluídos: Considérase divulgación do coñecemento³ a contida en publicacións cuxo obxectivo non é comunicar os resultados da investigación á comunidade científica, senón facelos accesibles –sen renunciar á calidade- a un público informado, mais non necesariamente especialista na materia, e cuxa finalidade é achegar á sociedade os temas de investigación. Neste apartado poderanse incluír a participación na realización de grandes obras enciclopédicas, proxectos socioeconómicos rexionais, recompilacións e revisións de temas científicos, etc.. E outros procesos de divulgación do coñecemento.

Xustificación: Copia da portada e título, autores/as, créditos do libro (editorial, ISBN, depósito legal etc..) e índice. No caso de capítulos, engadirase unha copia da primeira páxina do capítulo. No caso de artigos de revistas de divulgación, copia da primeira e última páxina do artigo, así como copia do índice do número ou volume e do ISSN da revista.

Indicios de calidade: Terase en conta para a valoración das obras de divulgación a editorial que as publica, a existencia dun proceso de selección rigoroso por parte da entidade editora, a opinión que merecen en recensións e citas autorizadas e, con carácter adicional, os datos relativos á súa difusión a través da presenza en repertorios bibliográficos ou catálogos de bibliotecas.

³ Definición do documento "Criterios para valorar a investigación en Humanidades", elaborado por un grupo de traballo coordinado pola FECYT e a ANEP.

2.8. – Conferencias e cursos de divulgación científica.

Méritos incluídos: Incluíranse conferencias, xornadas e cursos que traten de divulgar as actividades científicas.

Xustificación: Copia do programa en que figuren os obxectivos, entidade organizadora, duración e participación e función do solicitante.

Indicios de calidade: Terase en conta o impacto da actividade divulgativa, os destinatarios e a duración e relevancia da actividade do/a solicitante nesta.

2.9. - Outros méritos de transferencia e divulgación do coñecemento.

Méritos incluídos: Incluíranse neste apartado as actividades de transferencia e divulgación que non puideren ser encadradas noutras epígrafes.

Xustificación: Copia do documento oficial en que conste, polo menos: tipo de actividade, participantes, ámbito, actividades a desenvolver e institución en que se realiza.

Indicios de calidade: Para a súa valoración terase en conta a importancia da transferencia ou divulgación realizada.

2.10. – Actividades que fomentan o uso do galego na transferencia e divulgación do coñecemento.

Méritos incluídos: Consideraranse neste apartado os méritos e actividades de transferencia e divulgación que se realizan e que fomentan a utilización do galego. Poderase incluír calquera dos méritos anteriores sempre que se efectúe en lingua galega ou teña como finalidade a potenciación do seu uso. Teranse en conta a realización de acordos editoriais en galego, acordos con empresas para implantar ou realizar actividades en lingua galega, a divulgación do coñecemento en lingua galega etc.. Excluíranse destas valoracións as achegas na área de Filoloxía Galega que forman parte do normal desenvolvemento da súa actividade de transferencia e divulgación desta área.

Xustificación: Xustificaranse de igual xeito que os méritos similares incluídos nos apartados anteriores.

Indicios de calidade: Utilizaranse os mesmos indicios de calidade que nos apartados similares anteriores. CEC Valorarase a calidade intrínseca do mérito.

ANEXO I: MÉRITOS DA ACTIVIDADE DOCENTE
Período 2020-2024

	Puntuación máxima: Por ítem	Puntuación máxima: Por tipo
1. Amplitude, intensidade, tipo e resultados na docencia no período de cinco anos avaliado (Docencia en diplomatura, licenciatura, grao, posgrao, doutorado ou equivalentes: máx. 10; Tipo de docencia: teórica, práctica, dirección de TFG e outras actividades docentes EEES recollidas en POD: máx.. 15; Diversidade de materias e outras actividades docentes (como por exemplo dirección de TFM, etc.): máx. 10	35	35
2.-Creación de materiais docentes para a docencia universitaria: manuais, unidades didácticas, libros, capítulos de libros, artigos <i>relacionados directamente coa docencia</i> , traducións, software e outro material para a docencia	20	30
3.-Implicación na mellora da actividade docente universitaria *:		30
a) Coordinación de curso	10	
b) Coordinación de grao ou equivalente	15	
c) Coordinación máster ou equivalente	20	
d) Coordinación programas de doutorado	20	
e) Plan de acción tutorial	10	
f) Responsable de Calidade de Centro (PRCC)	10	
4.-Participación en actividades de formación:		
4.1.- Actividades de formación docente		30
a) Dirección de cursos de formación docente de, alomenos, 20 horas	5	
b) Impartición de curso de formación docente de, alomenos, 4 horas	10	
c) Asistencia a cursos de formación docente de, alomenos, 8 horas	5	15
4.2.- Actividades de Formación Investigadora		
a) Teses doutorais dirixidas e defendidas ²	20	40
b) Impartición de Cursos de Formación de Investigadores	15	15
5.- Actividades de Prácticas externas e mobilidade		30
5.1.-Coordinación e Titorización de programas de prácticas en empresas e institucións (regulados mediante convenios ou certificación de órgano colexiado académico) ¹	15	15
5.2.-Coordinación e Titorización de proxectos de intercambio de estudantes: ERASMUS, ERASMUS MUNDUS, etc. ¹	15	15
5.3.-Participación dos docentes en programas de intercambio internacionais e/ou interuniversitarios ¹	10	20
6.-Participación en actividades de innovación docente:		30
6.1 Proxectos competitivos de innovación docente.	15	
6.2 Participación en Comités de autoavaliación, Comités externos de avaliación, Comisións de Normalización Lingüística, Comisións de avaliación do profesorado, Grupos de innovación docente, etc. de relevancia docente ¹	10	
6.3 Participación en proxectos STEMBACH	-	10

7.-Outras actividades relacionadas coa docencia: ¹		20
7.1) Premios e distincións relacionados coa actividade docente	10	
7.2) Participación en actividades docentes por invitación	5	
7.3) Redes docentes.	10	
7.4) Actividades de divulgación docente	5	
7.5) Outras actividades	5	
8.- Actividades que fomenten o uso do galego na docencia universitaria ³	***	***
9.- Valoración da actividade docente universitaria: ⁴		30
9.1 Opinión de los estudantes respecto á docencia impartida polo profesorado		
Media superior á titulación e universidade	15	
Media superior Universidade	10	
9.2. Valoración obtida no Programa DOCENTIA		
Excelente	30	
Notable	25	
Aceptable	20	

¹ Sempre e cando o seu desempeño non sexa consecuencia da ocupación dun determinado cargo académico.

² As Teses Doutorais poden ser incluídas tamén como méritos investigadores. O solicitante poderá decidir incluílas no apartado de docencia ou no de investigación, pero en ningún caso poderán ser alegadas en ambos apartados polo mesmo solicitante, aínda tratándose de teses diferentes.

³ Tendo en conta que neste punto se porán presentar méritos de diferentes tipos correspondentes a calquera dos puntos anteriores, o valor máximo será o que corresponda ao tipo de mérito alegado.

⁴ Deberá optarse por presentar as enquisas de estudantes ou a valoración obtida no programa DOCENTIA. En ningún caso se terán en conta ambos méritos.

ANEXO II: MÉRITOS DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO
Período 2020-2024

	Puntuación Máxima: Por ítem	Puntuación Máxima: por tipo
1.- ACTIVIDADE INVESTIGADORA		
1.1) Teses doutorais dirixidas ¹	20	40
1.2) Proxectos/Convenios-Contratos con empresas-institucións.		60
a) Proxectos competitivos de ámbito internacional.	Dirección	30
	Participación	15
b) Proxectos competitivos do Plan nacional.	Dirección	20
	Participación	10
c) Redes de excelencia do Plan Nacional	Dirección	20
	Participación	10
d) Proxectos competitivos autonómicos.	Dirección	15
	Participación	10
e) Axudas á consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG	Dirección/Coordinación	20
	Participación	10
f) Coordinador Partner internacional		20
g) Convenios ou contratos con empresas ou institucións	Dirección	10
	Participación	5
1.3) Participación en Congresos, Simposios ou equivalentes.		20
a) Impartición de Conferencias plenarias ou relatorios por invitación en congresos, Simposios ou equivalentes.		15
b) Outras intervencións relevantes.		10
1.4) Organización da investigación:		40
a) Responsable de organización eventos científicos e culturais de relevancia internacional (Comité organizador será unha institución internacional ou de composición internacional)		15
b) Director, editor ou membro de comités de edición ou de redacción de revistas ou editoriais de ámbito internacional		15
c) Organización/Dirección de expedicións científicas, escavacións arqueolóxicas relevantes, etc.		15
d) Premios e distincións relevantes relacionados coa actividade investigadora		15
e) Outros méritos de investigación		15
1.5) Mobilidade		20
Estadías de investigación en centros de prestixio alleos ao SUG (mínimo 1 mes) 2	4 puntos por mes	
1.6) Actividades que fomenten o uso do galego na investigación ³	***	***

2.-TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN DO COÑECEMENTO		
2.1) Transferencias tecnolóxicas	15	
2.2) Patentes recoñecidas	15	
2.3) Comisario ou Organizador de exposicións de relevancia estatal ou internacional	15	
2.4) Informes relevantes	10	
2.5) Estudos relevantes para o desenvolvemento social, económico, científico e cultural de Galicia	15	
2.6) Creación empresas de base tecnolóxica que supoñan transferencia de tecnoloxía ³	20	
2.7) Divulgación do coñecemento	15	
2.8) Conferencias e cursos de divulgación científica	5	10
2.9) Outros méritos de Transferencia e divulgación do coñecemento	15	
2.10) Actividades que fomentan o uso do galego na transferencia e divulgación do coñecemento ⁴	***	***

¹ As Teses Doutorais poden ser incluídas tamén como méritos investigadores. O solicitante poderá decidir incluílas no apartado de docencia ou no de investigación, pero en ningún caso poderán ser alegadas en ambos apartados polo mesmo solicitante, aínda tratándose de teses diferentes.

² Neste apartado poden incluírse a totalidade das estadías cunha duración mínima dun mes do período que se vai a avaliar. A devandita suma computará como un so mérito.

³ Terase en conta tanto a creación da empresa como o desenvolvemento de actividade probada de ditas empresas, dentro do período suxeito á avaliación.

⁴ Tendo en conta que neste punto se porán presentar méritos de diferentes tipos correspondentes a calquera dos puntos anteriores, o valor máximo será o que corresponda ao tipo de mérito alegado.

Nota común ao anexo I e ao anexo II.

A valoración dos méritos seleccionados polos solicitantes realizarase tendo en conta especificamente a calidade das achegas e a súa relación coa traxectoria global do profesor ou profesora recollida no seu currículo. Deste xeito, a puntuación final será o resultado de aplicar á puntuación resultante da valoración dos méritos achegados, un factor de corrección en atención á traxectoria curricular. Este factor de corrección aplicarase tanto á alza coma á baixa, e non poderá exceder do 20% da puntuación máxima (ata 20 puntos en docencia e 20 en investigación).